



MENSAXE: MARWA AL AQROUBI
ILUSTRACIÓN: NASIM ABAEIAN

MOITAS CULTURAS
UNHA HISTORIA

DÍA
INTERNACIONAL
DO LIBRO INFANTIL

2 de Abril 2015

iBbY
INTERNATIONAL BOARD ON BOOKS FOR YOUNG PEOPLE

uaeBbY
المجلس الإماراتي لكتاب الشباب
The UAE Board on Books for Young People

Moitas culturas, unha historia

“Falamos diferentes linguas e vimos de diferentes orixes, mais compartimos as mesmas historias”

Historias internacionais... historias tradicionais

É a mesma historia que se nos conta a todos

En diferentes voces

En diferentes cores

Pero permanece inmutábel...

Comezo...

Argumento...

E fin...

É a mesma historia que todos sabemos e amamos

Todos a escoitamos

En diferentes versións de diferentes voces

Mais sempre é a mesma

Hai un heroe... unha princesa... e un vilán

Non importa a súa lingua, nin os seus

nomes,

Nin as súas caras

É sempre o mesmo comezo,

Argumento

E fin

Sempre ese heroe... esa princesa e ese vilán

Inmutábeis durante séculos

Acompáñannos

Murmúranos nos nosos soños

Arrólannos para durmir

As súas voces marcharon hai tempo

Pero viven nos nosos corazóns para sempre

Pois únennos nun mundo de misterio e

imaxinación

Para que todas as culturas se fundan nunha

única historia.”

Escrito por: Marwa Al Aqroubi

Traducido ao galego por Antía

Marante e Sabela González.

crea), lanzada polo UAEBBY para apoiar as habilidades da infancia para a lectura, a escritura e a creatividade. Como parte desta iniciativa, a miúdo participa en sesións de lectura para nenos e nenas, co obxectivo de reforzar o seu interese nos libros.

A nivel internacional, é membro do Comité Asesor do Fondo Sharjah-IBBY e comparte os seus obxectivos de apoiar a creación dunha cultura de lectura e de proporcionar libros para nenos e nenas cuxas vidas se viron afectadas pola guerra, a desorde civil ou os desastres naturais na rexión de Asia Central e Norte de África. Recentemente participou na visita de alto nivel realizada polo Emirato de Sharjah ao campo de refuxiados Emirati-Jordanian en apoio aos nenos refuxiados sirios, onde participou na inauguración da biblioteca “Big Heart” (Corazón grande) de 3.000 libros para os nenos do campo.

Al Aqroubi rematou a licenciatura en Ciencias da Información na Universidade Zayed en Dubai e traballou como business development manager na oficina executiva de Sheikha Bodour bint Sultan Al Qasimi. Dende a publicación do seu primeiro libro, Ahmed El Helou (Doce Ahmed), no que viaxa facendo unha exploración das herdanzas e tradicións dos EAU, o mundo da escritura de libros infantís e a promoción da súa cultura converteuse no seu interese principal.



MARWA OBAID RASHID AL AQROUBI

Marwa Obaid Rashid Al Aqroubi é unha das figuras máis destacadas da industria do libro infantil nos EAU e desempeña o posto de Presidenta do Comité Executivo do Consello dos EAU para os Libros Infantís e Xuvenís (UAEBBY), unha das organizacións máis destacadas no tocante á promoción da cultura infantil, a promoción da lectura e o

apoyo aos profesionais da industria editorial para o desenvolvemento do seu traballo.

É tamén unha colaboradora destacada na promoción do premio Etisalat Award for Arabic Children’s Literature, un dos meirandes e máis importantes galardóns de literatura infantil árabe, ademais de na campaña de animación á lectura Read, Dream, Create (Le, soña,



NASIM ABAEIAN

Nada en 1980 en Isfahán, Irán, Nasim pasou a súa infancia en Xénova, Italia, nun ambiente artístico e cheo de inspiración.

En 2003 rematou a licenciatura en Comunicación Visual na Universidade Americana de Sharjah e partiu cara aos Estados Unidos para rematar un máster en ilustración no Savannah College of Art and Design.

Actualmente, Nasim forma parte do profesorado no departamento de Arte e Deseño da Universidade Zayed e traballa por libre como ilustradora de libros infantís.

